

NOTA PRELIMINAR A ESTA 4ª EDICIÓN

Veñen de se cumprir corenta e oito anos, este vran que hoxe remata, dende que escribira ‘*O atraso*’, dunha sentada, ao longo do mes de xullo, nun dos apartamentos de Manolo Juncal empo-leirados no curuto do Can do Penedo de Bueu, pasara o texto a máquina nunha vella ‘Remington Portable’ do meu pai, e enviá-ralle o orixinal a Paco del Riego o mesmiño día trinta e un dese mes de Santiago. Prácticamente meio século. E máis van aló vin-tecincos -un cuarto de século xa?- dende a reedición que os meus camaradas de *Laiovenito* me presentaron en probas por solpre-sa e eu engordara cunha mancha de apontamentos, comentos críticos e autocríticos, rexoubas e notas bibliográficas a pé de páxina inexistentes nas dúas precedentes edicións de *Galaxia*, de 1973 e 1981.

Agora eses meus resistentes camaradas de singladura editorial na innumerábel *Laiovenito* acordan tirar do prelo unha nova ree-dición, ésta que velá vai. Síntome perplexo. Morfolóxicamente, todo mudou entre a Galiza que eu tentei ‘retratar’ hai cinco decenios e a de arestora. Haberá quen pense que para millor -feliz el. Certamente, o atraso, como síndrome da nosa realidade social, é sen dúbida pasado. Mais a patoloxía subxacente que se manifestaba daquela na realidade ostensíbel en forma de atraso, foi erradicada?. Ou só mudaron as formas en que se manifesta na superficie do noso corpo social?. Fóron erradicadas *as cau-sas* das nosas graves doenzas, ou só mudaron *os síntomas*?. No cerne da cuestión: deixou Galiza de ser unha colonia interna da formación capitalista española, ou simplemente pasou a ser tal a respecto da Unión Europea, e o Estado Español un ‘protecto-rado’ dela?.

Xa en 1981, no limiar da segunda edición de *Galaxia*, dicía eu que, “se hoxe conquerira arrecadar os folgos pra escribir outra volta encol do tema, non escribiría un ‘atraso’, escribiría ‘A espoliación da Galiza’”. É un feito que nunca cheguei a escri-bir tal. Mais non porque non percibise que o proceso ao que leva sometido o noso país durante o tempo decorrido dende aquela data -casualmente coincidente co tempo que leva vixente o rexime da Autonomía no seo do da IIª Restauración- leva-

ba entrañada unha dinámica de espólio colonial, recrudecido e reduplicado. Só dei feito algunhas alusións en faladoiros ou escritos ocasionais.

Mais esa diagnose estaba latexante no meu caletre. E cando, no outono do 2012, fun empurrado a retornar ao Parlamento galego, esplicitei esa diagnose no debate de investidura do Presidente da Xunta. Ese texto foi incluído algo despois como ‘Epílogo provisorio’ na miña *Exhortación á desobediencia*, co rótulo de ‘As veas abertas de Galiza’* -en sentida homenaxe ao meu entrañábel amigo Eduardo Galeano. Agora decidin inserir ese escrito a xeito de preámbulo a esta nova reedición d’*O atraso*, para facer contrapunto con ela, e botar así unha ponte por riba do medio século decorrido dende a escrita inicial desa obra deica hoxe mesmo.

Non sei se o contido deste volume poderá ser dalgunha utilidade para a lector que teña a curiosidade de furgar nel. Dixen antes que todo mudara, e se cadra esa mudanza convertiu *O atraso* nalgo así coma un fósil. Mais escusádeme que, con absoluta humildade, faga miña aquela espricación que dera Castelao no limiar do seu *Album* Nós: “mais as vellas inxustizas seguen en pé”.

Reboraina de Aguiar, 21 de setembro do 2020
Xosé Manuel Beiras Torrado

* *Exhortación á desobediencia*, Edicións Laiovento, 2013, páxs. 87 ss. A data do referido debate de investidura foi o 29-11-2012.

ÍNDICE

Nota preliminar a esta 4ª edición.....	7
As veas abertas da Galiza.....	9
Nota previa.....	25
Prólogo á 2ª edición.....	27
Limiar.....	35
I. A XÉNESE DO ATRASO: SÍNTOMAS E CAUSAS	41
1. Unha frustración social prematura.....	47
2. Raquitismo burgués e ausentismo aristócrata.....	50
3. Éxodos.....	55
4. Insolidaridade institucional.....	58
5. Colonización financeira.....	61
II. FASQUÍA CONTEMPORÁ DO ATRASO ECONÓMICO	
GALEGO: DUALISMO E DEPENDENCIA	65
1. A sociedade precapitalista campesiña.....	71
2. A estrutura dual e a dependencia.....	80
3. O colonialismo interior.....	84
III. O CRECEMENTO ECONÓMICO DA GALIZA: DOUS	
PROBLEMAS CARDINÁIS	89
1. O problema demográfico: A estrutura da poboación	
galega.....	96
1º. Elevada densidade.....	97
2º. Acusado ruralismo.....	99
3º. Espallamento xeográfico.....	101
4º. Emigración endémica.....	104
5º. Envellecemento ou senescencia.....	106

2. O problema financeiro: A formación de capital na Galiza.....	108
IV. PRECAPITALISMO ACTUAL NA GALIZA:	
A ECONOMÍA CAMPESIÑA.....	119
I. Aspeitos negativos ou retardatarios	123
1º. Autoconsumo	123
2º. Minifundismo	124
3º. Escasa acumulación	128
4º. Bloqueo institucional.....	129
II. Aspeitos positivos ou fecundos.....	131
1º. Integración agrícola-gandeira	131
2º. Institucións comunitarias.....	134
3º. Sociedade integrada.....	137
V. UNHA SOLUCIÓN LIBERAL: A ECONOMÍA DA ILUSTRACIÓN GALEGA	
1. O pensamento liberal.....	146
2. Os principios económicos	150
3. A aplicación dos principios	153
1º. Reforma agraria.....	154
2º. Fomento industrial.....	156
3º. Ordeación pesqueira	157
4º. Vías de comunicación.....	162
5º. Reforma administrativa	165
4. Conclusión.....	167
VI. A ECONOMÍA URBÁ GALEGA: O CAPITALISMO ACTUAL NA GALIZA	
I. A estrutura interna do sector moderno na sociedade dual galega	174
1. As relacións económicas.....	175

1.1. Os grupos dominantes.....	175
1.2. A forza laboral.....	181
1.3. A distribución do ingreso.....	187
2. A estrutura setorial i empresarial do aparello produtivo.....	191
II. A faciana galega do colonialismo interior: Actuación da sociedade industrial sobor do setor precapitalista....	204
1. O conflito de intereses.....	205
1.1. A política hidroeléctrica.....	207
1.2. A política forestal	210
1.3. A pesca industrial.....	214
2. O esbarrullamento e aniquilación da economía campesiña	219
III. A faciana española do colonialismo interior: Dependencia da sociedade industrial galega.....	224
1. O bloqueo	227
2. A desposesión	231
3. O espírito burgués e a autocolonización	236
 VII. A XEITO DE CONCLUSIÓN: ALTERNATIVAS ACTUÁIS....	243
 ESCOLMA ESTATÍSTICA.....	255

